

ACTA NÚM. 8/2018.**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de decembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS (con retraso). (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito).

Non asiste: XOSÉ LUIS PENAS CORRAL. (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO 17.10.2018 E 16.11.2018.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2018 AO 13.12.2018.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2019.

4º) RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS DO PROXECTO: ESPAZO COLABORATIVO TRANSFORMANDO EN BRIÓN, DENTRO DA LIÑA 2.3 PEL EMPRENDE 2018, DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019 (PEL).

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DO 17.10.2018 E 16.11.2018.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo as actas das sesións núm. 6/2018, do 17.10.2018, e núm. 7/2018, do 16.11.2018.

Sometidas a votación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2018 AO 13.12.2018.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
11/10/2018	00577/2018	DECLARACIÓN MOD. 111 E 303 - SETEMBRO 2018.
11/10/2018	00578/2018	BAIXA DUN RECIBO DO PADRÓN DO LIXO 2018.
11/10/2018	00579/2018	DECRETO DE APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA GASTOS PERSOAL E FUNCIONAMENTO SUBVENCIÓN TRATAMENTOS PREVENTIVOS.
11/10/2018	00580/2018	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN MONTEBALADO.
11/10/2018	00581/2018	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN CORNANDA.
15/10/2018	00582/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/46.
15/10/2018	00583/2018	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 06/2018.
15/10/2018	00584/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/44.
16/10/2018	00585/2018	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 07/2018.
16/10/2018	00586/2018	BAIXA NO SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
16/10/2018	00587/2018	BAIXA NO SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
16/10/2018	00588/2018	BAIXA NO SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
17/10/2018	00589/2018	DECRETO DEFINITIVO DE PRODUCTIVIDADE FUNCIONARIOS DO 2ºT (65%) E ATRASOS DO 1,5 %.
17/10/2018	00590/2018	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 10/10/2018.
17/10/2018	00591/2018	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE TURISMO.
17/10/2018	00592/2018	BAIXA DUN RECIBO DO LIXO PADRÓN 2018.
17/10/2018	00593/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS.
17/10/2018	00594/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS.
17/10/2018	00595/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS.
17/10/2018	00596/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS.

17/10/2018	00597/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS.
17/10/2018	00598/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
17/10/2018	00599/2018	DECRETO CORRECCIÓN ERROS LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 10/10/2018.
17/10/2018	00600/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
17/10/2018	00601/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
17/10/2018	00602/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
17/10/2018	00603/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
18/10/2018	00604/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
18/10/2018	00605/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA COMPLEMENTARIA.
18/10/2018	00606/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
18/10/2018	00607/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
18/10/2018	00608/2018	BAIXA RECIBO PADRÓN DO LIXO 2018
18/10/2018	00609/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL.
18/10/2018	00610/2018	DECRETO SANCIÓN AUGAS DE GALICIA.
18/10/2018	00611/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
18/10/2018	00612/2018	XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN LINGUA GALEGA.
18/10/2018	00613/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/47.
18/10/2018	00614/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/48.
18/10/2018	00615/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO: OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR (CUBERTA) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO.
19/10/2018	00616/2018	ALTA NO SAF MUNICIPAL DUNHA VECIÑA.
19/10/2018	00617/2018	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS: DE CANTELAR A TEMBRA.
22/10/2018	00618/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 E FINAL DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DE PIRAGÜISMO.
22/10/2018	00619/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 E FINAL DA OBRA DE SANEAMENTO E CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL NO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO NO LUGAR DE PONTE DO BICO EN SANTA MARÍA DE ONS.
23/10/2018	00620/2018	ALTA EN SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
23/10/2018	00621/2018	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE HERBA ARTIFICIAL.
23/10/2018	00622/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS: DE CANTELAR A TEMBRA.
24/10/2018	00623/2018	PREMIO LAUDAMUCO TEXTOS TEATRAIS 2019.
24/10/2018	00624/2018	DECRETO SANCIÓNS TRÁFICO.
24/10/2018	00625/2018	APROBACIÓN DA SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA DO CONVENIO DE CESIÓN DE USO EN PRECARIO DA INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO AO CLUB DE PRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE.
24/10/2018	00626/2018	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018/2019 NO CONCELLO DE BRIÓN.
25/10/2018	00627/2018	DEIXANDO SEN EFECTO DECRETO DO 11.10.2018 DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POR ERRO NO NOME DO INTERESADO.
25/10/2018	00628/2018	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN MONTEBALADO.
25/10/2018	00629/2018	PERSOACIÓN NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 215/2018 POR MOR DE

		EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN A PEDREIRA-LUAÑA.
25/10/2018	00630/2018	PERSONACIÓN NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000215/2018 POR MOR DE ERLU EN A PEDREIRA-LUAÑA.
25/10/2018	00631/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 E ÚNICA DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA ALDEA DO CASAL, INCLUIDA NO PLAN DE MEDIO AMBIENTE DA DEPUTACIÓN 2016 ADICIONAL 1ª FASE.
25/10/2018	00632/2018	DECRETO ABONO GRATIFICACIÓN POR CURSO A UN EMPREGADO.
25/10/2018	00633/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DUN NOVO TRIENIO A VARIOS EMPREGADOS.
26/10/2018	00634/2018	VIAXE MAIORES ROMA 2018.
26/10/2018	00635/2018	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN ESCOLA DE MÚSICA.
26/10/2018	00636/2018	REMATE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INCOADO POR RESOLUCIÓN DO 16.11.2017 EN AVENIDA DE SANTA MINIA 81.
26/10/2018	00637/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
26/10/2018	00638/2018	DECRETO PARA RETIRADA DE VEHÍCULO ABANDONADO.
29/10/2018	00639/2018	BAIXA DUN RECIBO NO PADRON DO LIXO 2018
29/10/2018	00640/2018	DECRETO SANCIONÉS DE TRÁFICO.
29/10/2018	00641/2018	DECRETO PARA A RETIRADA DE VEHÍCULO ABANDONADO.
29/10/2018	00642/2018	APROBANDO A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS + ADICIONAL 2/2018 POR REINVESTIMENTO DE ECONOMÍAS DO POS + 2017 DA DEPUTACIÓN PARA O PROXECTO APROBADO POLO PLENO DO 19.12.2017 DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS: ALDEAS DE BRANS DE ARRIBA E AGUIAR.
29/10/2018	00643/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 30.10.2018.
29/10/2018	00644/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE OUTUBRO.
29/10/2018	00645/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO GES.
29/10/2018	00646/2018	DECRETO ASISTENCIAS A ORGANOS COLEXIADOS 01.01.2018 A 30.09.2018
30/10/2018	00647/2018	BAIXA DUN RECIBO DO PADRÓN DO LIXO 2018.
30/10/2018	00648/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS LIXO ANO 2018.
30/10/2018	00649/2018	DECRETO DEVOLUCION FIANZA.
31/10/2018	00650/2018	APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA DELIMITACIÓN DO ITINERARIO CULTURAL A SANTIAGO DA RÍA DE MUROS NOIA.
31/10/2018	00651/2018	ALTAS NO PADRON DE HABITANTES OUTUBRO 2018.
31/10/2018	00652/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: PISTA EN BUSTO DE FRADES.
31/10/2018	00653/2018	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES OUTUBRO 2018.
31/10/2018	00654/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 30/10/2018.
31/10/2018	00655/2018	DECRETO MODIFICACIÓN CREDITO 08/2018.
31/10/2018	00656/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - OUTUBRO 2018.
31/10/2018	00657/2018	DECRETO MODIFICACIÓN CRÉDITO 09/2018.
31/10/2018	00658/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/52 ENERXÍA ELÉCTRICA.
02/11/2018	00659/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/53.
06/11/2018	00660/2018	BAIXA DUN RECIBO NO PADRÓN DO LIXO 2018.
06/11/2018	00661/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO APROL RURAL 2017.
06/11/2018	00662/2018	RELACION DE FACTURAS F/2018-54.

07/11/2018	00663/2018	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A COBERTUTA TEMPORAL DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE SECRETARÍA MEDIANTE NOMEAMENTO INTERINO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.
08/11/2018	00664/2018	BAIXA NO SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
08/11/2018	00665/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DE AUGA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.
08/11/2018	00666/2018	BAIXA NO SERVIZO XANTAR NA CASA DUN VECIÑO.
08/11/2018	00667/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO PAVILLÓN DE PIRAGÜISMO.
08/11/2018	00668/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/56.
08/11/2018	00669/2018	DECLARACIÓNS MOD. 111 E 303 - OUTUBRO 2018.
08/11/2018	00670/2018	COSTAS XUDICIAIS RAMAIS DE ACCESO Á AUTOVÍA AC-300 E AC-451.
12/11/2018	00671/2018	DECRETO PADRÓN 1º PRAZO CURSO 2018/2019 PREZOS PÚBLICOS SERVIZOS CULTURAIS, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E OCIO.
12/11/2018	00672/2018	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVEMBRO 2018.
12/11/2018	00673/2018	DECRETO PADRÓN PRIMEIRO TRIMESTRE ESCOLA DE MÚSICA CURSO 2018/2019.
12/11/2018	00674/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS A UN VECIÑO.
12/11/2018	00675/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESOS A UNHA VECIÑA.
12/11/2018	00676/2018	DECRETO CORRECCIÓN FACTURA.
13/11/2018	00677/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION MARQUESIÑA BABENZO.
13/11/2018	00678/2018	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 NO CONCELLO DE BRIÓN.
13/11/2018	00679/2018	DECRETO ASIGNACION GRUPO POLÍTICO PSOE.
13/11/2018	00680/2018	DECRETO ADXUDICACIÓN VIVENDA A UN GARDA CIVIL.
13/11/2018	00681/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO BÁSICA OUTUBRO.
14/11/2018	00682/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO.
15/11/2018	00683/2018	PERSONACIÓN E EMPRAZAMENTOS AOS INTERESADOS NO P.A. 219/2018 PRESENTADO CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN POR DANOS NUN VEHÍCULO EN ACCIDENTE CON TAPA DO ALCANTARILLADO.
15/11/2018	00684/2018	ENCOMENDANDO A DEFENSA E REPRESENTACIÓN DO CONCELLO NO P.A. 219/2018 Á ASESORÍA XURÍDICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
15/11/2018	00685/2018	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE.
16/11/2018	00686/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/58.
16/11/2018	00687/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/59.
19/11/2018	00688/2018	DECRETO ABONO ASISTENCIAS A TRIBUNAIS.
19/11/2018	00689/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 20.11.2018.
20/11/2018	00690/2018	INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DA ASOCIACIÓN ABOFEI, EDUCACIÓN E CULTURA.
20/11/2018	00691/2018	DECRETO SANCIÓN AUGAS DE GALICIA.
21/11/2018	00692/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZOS PREVENCIÓN E INSERCIÓN 1º TRIMESTRE CURSO 2018/2019.
21/11/2018	00693/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS: GABINETE DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO.
21/11/2018	00694/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS: LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.
21/11/2018	00695/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO DE

		RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DO CONCELLO.
21/11/2018	00696/2018	AXUDA EMERXENCIA A UN VECIÑO.
21/11/2018	00697/2018	APROBACIÓN DO PROXECTO DE CAMIÑO DE MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS.
21/11/2018	00698/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE CAMIÑO DE MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS.
22/11/2018	00699/2018	INSCRICIÓN DA ASOCIACIÓN AVELAIÑAS NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO.
22/11/2018	00700/2018	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO 688/2018 DE 19 DE NOVEMBRO DE 2018.
23/11/2018	00701/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS XGL 20/11/2018.
23/11/2018	00702/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/60.
26/11/2018	00703/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 27/11/2018.
26/11/2018	00704/2018	REMISIÓN DE EXPEDIENTE E EMPRAZAMENTOS NO P.A. 238/2018 PRESENTADO POR INFINITIVUS SL
27/11/2018	00705/2018	DECRETO SANCIÓN DE TRÁFICO.
27/11/2018	00706/2018	DECRETO SANCIÓN DE TRÁFICO.
27/11/2018	00707/2018	BASES CONCURSO TARXETAS DE NADAL 2018.
27/11/2018	00708/2018	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A UN EMPREGADO.
28/11/2018	00709/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 27/11/2018.
28/11/2018	00710/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
28/11/2018	00711/2018	BAIXAS POR INSCRICIÓN INDEBIDA NA PADRÓN DE HABITANTES.
28/11/2018	00712/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE NOVEMBRO.
29/11/2018	00713/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/61.
30/11/2018	00714/2018	ALTAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVEMBRO DE 2018.
30/11/2018	00715/2018	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE NOVEMBRO DE 2018.
30/11/2018	00716/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/62.
03/12/2018	00717/2018	PAGO DIETAS E LOCOMOCIÓN EMPREGADOS.
03/12/2018	00718/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - NOVEMBRO 2018.
03/12/2018	00719/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/63.
03/12/2018	00720/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO GES.
03/12/2018	00721/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE PERSOAL DO GES.
03/12/2018	00722/2018	DECRETO SANCIÓN DE TRÁFICO.
03/12/2018	00723/2018	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: SUBSTITUCIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR (CUBERTA) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO.
04/12/2018	00724/2018	DECRETO RELACIÓN FACTURAS F/2018/64.
04/12/2018	00725/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
04/12/2018	00726/2018	CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN EIM 2018.
04/12/2018	00727/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DOCENCIA DO CURSO DE PREPARACIÓN DO ACCESO A CICLOS MEDIOS DE FP.
04/12/2018	00728/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DOCENCIA DO CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA.
04/12/2018	00729/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE TRANSPORTE DAS ACTIVIDADES DE NADAL.
04/12/2018	00730/2018	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DA

		PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN DE SECRETARÍA.
04/12/2018	00731/2018	BAIXA DUN RECIBO DO LIXO PARA O ANO 2019.
05/12/2018	00732/2018	ALTA DUN VECIÑO NO PROGRAMA XANTAR NA CASA.
05/12/2018	00733/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN NUNHA CONCELEIRA.
05/12/2018	00734/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MONITORAXE DA ACTIVIDADE BUSCANDO A BALTASAR.
07/12/2018	00735/2018	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.
07/12/2018	00736/2018	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DE ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES RELACIONADAS COA HIXIENE URBANA.
07/12/2018	00737/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: DE CANTELAR A TEMBRA.
10/12/2018	00738/2018	DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN EN MATERIA DE COMPLEMENTO DE INCAPACIDADE TEMPORAL.
10/12/2018	00739/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA NOVEMBRO.
10/12/2018	00740/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA NOVEMBRO.
10/12/2018	00741/2018	DECRETO PADRÓN SERVIZO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO.
10/12/2018	00742/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 11/12/2018.
10/12/2018	00743/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO DE BENS DO CONCELLO.
10/12/2018	00744/2018	PERSONACIÓN NO P.A. 0000238/2018 ANTE O X.C.A. NÚM. 3 DA CORUÑA ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO CARLOS ABAL LOURIDO.
10/12/2018	00745/2018	DECRETO PRODUTIVIDADE FUNCIONARIOS: 65% E 35% DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2018.
11/12/2018	00746/2018	DECRETO SANCIÓN DE TRÁFICO.
11/12/2018	00747/2018	AMPLIACIÓN SAF MUNICIPAL A UNHA VECIÑA.
13/12/2018	00748/2018	APROBACIÓN DO PLAN DE TRABALLO DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERXERÍA DE CEIP DE PEDROUZOS.
13/12/2018	00749/2018	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓNS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2019.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.12.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 18.12.2018, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019" da Deputación, publicadas no BOP do 02.10.2018.

Vista a circular sobre aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito do 28.09.2018, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos

que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			0
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			0
Subtotal pago a provedores			0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	262.705,35
Subtotal gasto corrente	262.705,35

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de mantemento e mellora de aldeas e camiños no Concello de Brión: Sabaxáns-Osebe.	132.704,37	1.522,36	134.226,73
Subtotal investimentos achega provincial 2018	132.704,37	1.522,36	134.226,73

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018			
	Achega 2019			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	262.705,35		262.705,35
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019			
	Achega 2018	132.704,37	1.522,36	134.226,73
	Préstamo 2019			
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019			
TOTAL	Achega 2019	262.705,35		262.705,35
	Achega 2018	132.704,37	1.522,36	134.226,73
	Préstamo 2019			
	TOTAL	395.409,72	1.522,36	396.932,08

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proxecto de mantemento e mellora das aldeas de Mato e Busto de Frades e de camiños en Vilar e Ons.	146.173,53
TOTAIS	146.173,53

- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓN DO PROXECTO: ESPAZO COLABORATIVO TRANSFORMANDO EN BRIÓN, DENTRO DA LIÑA 2.3 PEL EMPRENDE 2018, DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016-2019 (PEL).

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 18.12.2018, que transcrita di:

Por esta alcaldía tramitouse expediente co fin de conseguir financiamento da Deputación provincial para a realización do proxecto: Espazo colaborativo transformando en Brión.

Con data 10 de decembro de 2018 asinouse o convenio onde se describen as obrigas das partes.

Considerando que polo seu contido ao tratarse en definitiva da prestación dun novo servizo por parte do concello é competencia plenaria, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Ratificar o convenio de cooperación asinado con data 10.12.2018 entre a Deputación provincial e o Concello de Brión, cuxo contido é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS DO PROXECTO "ESPAGO COLABORATIVO TRANSFORMANDO EN BRIÓN", DENTRO DA LIÑA 2.3 PEL EMPRENDE 2018, DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019 (PEL)

Na Coruña, a 10 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Luis García García, con DNI núm. 76501114D, en representación do CONCELLO DE BRIÓN.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas
MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o CONCELLO DE BRIÓN e Deputación da Coruña:

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE BRIÓN consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
2. Que a Deputación provincial da Coruña está a xestionar no presente mandato o Programa de Emprego Local (PEL) 2016-2019 como o instrumento fundamental da estratexia provincial polo emprego.
3. Que o CONCELLO DE BRIÓN conta con medios materiais e instalacións precisas para implementar, xunto coa Deputación, unha política activa de apoio ao emprendemento e o fomento do emprego no sector agrogandeiro, na comarca de Santiago e limítrofes.
4. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BRIÓN en promover o sector do emprendemento e o emprego no sector primario e de establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE BRIÓN ambas as dúas partes ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO.

1. O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE BRIÓN, con CIF P1501300F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras e subministracións “PROXECTO PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING”, tal e como aparecen definidas estas no proxecto técnico de execución redactado por Salgado e Liñares Arquitectos S.L.P, COAG 30.009. Así o convenio establece as bases para:

2. O CONCELLO DE BRIÓN, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista, polo menos durante un prazo de dez anos.

4. O CONCELLO DE BRIÓN, achega ao expediente na memoria do proxecto “Espazo Colaborativo Transformando en Brión”, o detalle dos bens ou equipamento necesario para o espazo de coworking.

II.- ORZAMENTO.

O orzamento total da execución de contrata da obra “Proxecto para acondicionamento de local para coworking”, segundo o proxecto técnico desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material	65.837,73
Gastos xerais (6%)	3.950,26 €
Beneficio industrial (13%)	8.558,90 €
Presuposto de contrata	78.346,89 €
Imposto sobre o valor engadido (21%)	16.452,85 €
Presuposto total	94.799,74 €

Segundo a memoria achegada polo CONCELLO DE BRIÓN, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 118.467,12 euros, co seguinte detalle:

Adecuación do local: EQUIPAMENTO

Equipamento zona obradoiro	102.591,61€
Equipamento zona almacén	1.027,60 €
Equipamento zonas comúns	5.899,96 €
Equipamento sala polivalente: exposición	3.436,40 €
Equipamento sala polivalente: formación	5.511,55 €
	118.467,12€

Polo tanto, o orzamento total para a actuación obxecto do convenio ascende a 213.266,86€.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e da adquisición dos bens mobles, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 158.632,80€ o que representa unha porcentaxe do 74,38%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da actuación, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,38% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra, adquirir as subministracións e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben mobile.

5. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

6. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE BRIÓN o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Nos procedementos de contratación, o CONCELLO DE BRIÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3. Deberá utilizar os pregos- tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que o CONCELLO DE BRIÓN tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

5. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE BRIÓN o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

No tocante á publicidade do financiamento provincial das obras:

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE BRIÓN, estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

No tocante á publicidade das subministracións:

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición dos bens móbiles, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquiridos os bens, o CONCELLO DE BRIÓN deberá rotular os bens en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL .

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE BRIÓN pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe

sobre o importe de adxudicación da obra e das subministracións, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medio electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

Ao respecto das obras:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V.-1, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

Ao respecto das subministracións:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do/s contrato/s de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento do disposto na cláusula V.-3 de publicidade.

O CONCELLO DE BRIÓN, deberá achegar ademais:

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2. Rematada completamente a obra e recibidas as subministracións, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

Ao respecto das obras:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V.-2, mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

Ao respecto das subministracións:

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do/s ben/s ao inventario de bens do CONCELLO DE BRIÓN, facendo constar nos correspondentes asentos que o/s ben/s queda/n afecto/s á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

O CONCELLO DE BRIÓN deberá achegar ademais:

- . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- . Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- . Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

2. O aboamento da contía materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BRIÓN na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BRIÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

3. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS, ADQUISICIÓN DOS BENS MOBLES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras e as subministracións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BRIÓN para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BRIÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulta aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BRIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. O CONCELLO DE BRIÓN autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

No tocante ao destino e manexo dos fondos recibidos:

1. O CONCELLO DE BRIÓN destinará os fondos recibidos á creación dun espazo colaborativo para a transformación de alimentos do sector primario con rexistro sanitario, que permitirá a súa posterior comercialización por parte das persoas produtoras.
2. O CONCELLO DE BRIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.
4. O CONCELLO DE BRIÓN deberá adscribir os bens obxecto da subvención durante un prazo mínimo de dez anos á finalidade para a que foi concedida.
5. O CONCELLO DE BRIÓN deberá integrar o espazo de traballo colaborativo "Transformando en Brión" á Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación a través da forma dun documento de adhesión que o compromete a levar a cabo as súas actuacións e actividades:
 - . Respectando uns parámetros comúns de traballo que a entidade provincial establecerá nun Marco Común de Actuación para todos os espazos de traballo que conformarán a rede.
 - . De conformidade coas directrices establecidas pola Deputación da Coruña na Estratexia de Coordinación e Xestión dos distintos espazos.
 - . Aplicando as instrucións de publicidade e difusión da rede e dos espazos que a integran definidas na Estratexia Conxunta de Promoción e Difusión da Rede da Deputación da Coruña.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BRIÓN poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BRIÓN, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e

seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou nas subministracións ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BRIÓN serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BRIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2019. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE BRIÓN non poida ter rematadas as obras e as subministracións e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 30 de SETEMBRO de 2019, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente par ao pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá ao CONCELLO DE BRIÓN para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo CONCELLO DE BRIÓN respectivamente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 30 de novembro de 2018.

E en proba de conformidade, asinan en cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

2º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

Se incorpora neste intre ao Pleno o Sr. Concelleiro Sampedro Bouzas.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da

estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2018, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2018, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentou ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González